



# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

## CURSO 2023-2024

**IES AS LAGOAS**

**OURENSE**

Instituto de Educación Secundaria **AS LAGOAS**

RÚA BLANCO AMOR 2 32004 OURENSE

tfno: 988685020

## ÍNDICE

### I. ASPECTOS XERAIS

1. CONTEXTO DO CURSO 2023-2024. Novidades
2. CARACTERÍSTICAS RELEVANTES DO CENTRO
  - a. Historia e descrición física
  - b. Descrición organizativa
  - c. Órganos e responsabilidades
3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO
4. PROPOSTAS, MEDIDAS E RECURSOS

### II. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

1. HORARIO XERAL DO CENTRO
2. CALENDARIO ESCOLAR
3. ACTIVIDADES PARA O CURSO 2023-2024
4. SERVICIOS

### III. ASPECTOS CURRICULARES (Concreción anual dos plans, programas e proxectos)

1. PLAN DIXITAL
2. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
  - a. MEDIDAS

**b. CONTRATO-PROGRAMA**

**3. PLAN DE CONVIVENCIA**

**4. STEMBach**

**5. PLAN LECTOR**

**6. PLAN LINGÜÍSTICO**

**7. PLAN DE IGUALDADE**

**8. PLAN DA AUTOPROTECCIÓN**

**9. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**

**10. ERASMUS +**

**11. CUALE**

**12. EduExchanges e Dixitalgweek**

**13. PLAN PROXECTA**

**14. POLOS CREATIVOS**

**IV. ANEXOS**

**a. Anexo I: Plan de atención á diversidade**

**b. Anexoll: Programa de actividades para o curso 2023-2024**

**i. Actividades de Dinamización Lingüística**

**ii. Actividades da biblioteca**

**c. Anexo III: Plan lingüístico (Axustes)**

*O artigo 125 da LOMLOE precisa que “os centros educativos elaborarán ao principio e cada curso unha programación xeral anual que recolla todos os aspectos relativos á organización e funcionamento do centro, incluídos os proxectos, o currículo, as normas, e todos os plans de actuación acordados e aprobados”. O artigo 127 sinala no apartado b) que é competencia do Consello Escolar “avaliar a programación xeral do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente”. O apartado a) do artigo 129 apunta entre as competencias do Claustro a de “formular ao equipo directivo e ao Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual”. Así mesmo, o apartado b) refírese á de “aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual”. Finalmente, no artigo 132 entre as “competencias do director” inclúese a do apartado n) de “deseñar a planificación e organización docente do centro, recollida na Programación Xeral Anual”.*

*Ourense, outubro de 2023.*

# I. ASPECTOS XERAIS

## 1. CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVE O CURSO 2023-2024

Se ben nos cursos pasados a máxima preocupación derivaba das circunstancias sanitarias adversas xa coñecidas, que melloraron considerablemente, o curso que se inicia conleva novas preocupacións e novas dificultades.

Academicamente o curso iniciase coa implantación total, en todos os cursos, da nova lei, a **LOMLOE**, que determina unha nova organización do sistema educativo, unha nova organización de materias e optativas e unha nova organización de espazos.

A nova normativa a ter en conta está recollida no D156/2022, 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia e no D157/2022, 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, así coma na Resolución do 6 de xuño de 2023 da Secretaría Xeral, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da ensinanza de E.Infantil, E.Primaria, ESO e BAC no curso académico 2023/24 no referido ás ensinanzas de ESO E BAC.

A nova lei xurde co obxectivo de educar e formar aos estudantes para o futuro, adaptando o sistema aos novos tempos e retos. Baseada na aprendizaxe de competencias, ampliadas ata nove, e na súa eficaz aplicación, busca, como fin último, a inserción social e laboral para todos os xoves e o exercicio dunha cidadanía democrática, desde dunha perspectiva global, e unha conciencia cívica responsable, inspirada nos valores democráticos e na defensa dos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

A aplicación da lei obríganos a facer as correspondentes concrecións curriculares nos distintos órganos de coordinación didáctica, cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo e garantir a coherencia na actuación docente.

Dentro dos seus principios fundamentais o ensino debe atender á diversidade e a inclusión, e poñerese especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Esta atención á diversidade, anima ao centro a buscar a mellora constante nos procesos de ensino desenvolvendo, a maiores da práctica diaria nas aulas, plans e programas de innovación para os que se require recursos e motivación.

O curso, iniciase pois, co importante reto de aplicar unha nova lei que a comunidade enfrenta con ilusión aínda que a aplicación de dita lei e o aumento do alumnado con respecto ao ano pasado supón moitas restricións e renuncias do profesorado.

O IES As Lagoas pretende, como sempre e a pesar das dificultades, ensanchar o horizonte do noso alumando e formar persoas responsables, solidarias e comprometidas coa vertixinosa sociedade actual.

## **2. CARACTERÍSTICAS RELEVANTES DO CENTRO**

### **2.1. Historia e descrición física.**

O actual IES As Lagoas naceu en 1977 como terceiro centro de bacharelato da cidade e primeiro mixto nos tempos modernos. O vello Insituto do Posío -Otero Pedrayo-, na súa localización actual desde 1892, foi complementado a mediados dos sesenta polo "Masculino" -actual Eduardo Blanco Amor- no barrio da Ponte. O IES As Lagoas, (*Instituto Nacional de Bachillerato Míxto número 1*, por primeiro nome) naceu, pois, nun espazo central e vinculado ao desenvolvemento da cidade neste barrio nos anos sesenta e setenta. Foi crecendo pouco a pouco ata converterse, gracias ao compromiso colectivo, nun dos centros destacados do ensino público en Ourense e un referente para a cidade.

O centro recolle alumnado moi diverso, na súa maioría pertencentes á clase media e media-baixa onde ambos proxenitores traballan fóra de casa. Tamén recibe alumnos de procedencia rural e nos últimos tempos, cada vez con máis frecuencia, a alumando inmigrante. O nivel socioeconómico das familias é medio.

Os centros que aportan alumando son os colexios públicos de primaria adscritos dos que recibimos alumnos: CEIP Mestre Vide, CEIP Manuel Sueiro, CEIP Curros Enríquez, CEIP As Mercedes e o CPI "José García García" que tamén aporta alumnado. Tamén os colexios privados: CPR "A Purísima", CPR "Concepción Arenal", CPR "Divina Pastora" ou CPR "Miraflores".

Ademais hai un número significativo de alumnos procedentes doutros colexios de primaria, mesmo de zonas rurais (Ordelles, Pereiro, etc.) e os procedentes das ordes de escolarizacións.

Está situado no barrio do mesmo nome a escasos metros de importantes institucións como a Universidade, concretamente na rúa Blanco Amor, 2, nun edificio central de 7000 m<sup>2</sup> e un pavillón deportivo de 1167 m<sup>2</sup>, máis dous patios, un con pistas deportivas (4000 m<sup>2</sup>) e outro cuberto, zonas axardinadas (1000 m<sup>2</sup>), aparcamento e beirarrúas interiores.

No últimos anos, a dirección do centro promoveu o acondicionamento das zonas de lecer nos patios coa construción dunha nova zona cuberta, un aparcadorio para as bicicletas e a colocación de bancos e mesas de exterior.

No curso 2023-2024 conta con seguintes **espazos**:

- Aulas ordinarias e desdobres:
  - 32 aulas de **ordinarias** (asignadas a cada un dos grupos) máis 2 para o alumnado de apoio, 9 para desdobramentos, 1 de garda ou espera para alumnos fóra de aulas e 1 aula de convivencia.
- As aulas **específicas** asociadas a determinadas materias ou usos específicos volven ser as mesmas que había antes da pandemia:
  - 4 de informática (incluíndo a destinada a grupos pequenos, con cinco ordenadores)
  - 2 de música
  - 2 de tecnoloxía
  - 2 de debuxo
  - 1 multiusos de grandes dimensións segue sendo aula ordinaria,
  - 1 laboratorio de física, 1 de química, 1 de ciencias naturais, 1 de xeoloxía
  - 1 aula de artes escénicas.
  - 1 aula de Polos Creativos

#### **Outros espazos:**

Unha **biblioteca** con equipamento informático e audiovisual; un **ximnasio** ou pavillón deportivo con tres almacéns anexos e dous pares de vestiarios e baños, en conexión coas zonas cubertas e descubertas do patio exterior.

O **salón de actos** séguese a usar como desdobre para algunhas optativas e para xuntas moi numerosas.

A **sala de xuntas** converteuse tamén en aula ordinaria.

Recupéranse as tres salas de recepción de pais, aínda que unha deles é ocupada de forma provisional polo equipo de limpeza que aínda non ten arranxado o seu propio espazo.

Ademais o centro conta con 1 sala de profesores, 1 despacho de conserxería, 13 despachos para os 18 departamentos de coordinación didáctica –agrupados algúns dos unipersoais con outros pouco numerosos- e outro para o departamento de orientación, 1 espazo amplo de oficinas administrativas e cadanseu despacho para a xefatura de estudos, secretaría, vicedirección e dirección; 1 local de arquivo, 18 baños repartidos polo centro e 1 espazo de **cafetería**, á parte de outros cuartos reservados para almacén, caldeiras de calefacción, electricidade, redes informáticas, etc.

Tras as obras de rehabilitación integral, levadas a cabo o 21-22, segue a mellora dos espazos coa reforma dos aseos vellos que xa se iniciou o curso pasado. Intentaremos acometer novas melloras nalgúns espazos, como o salón de actos e o pavillón.

## 2.2. Descrición organizativa

### 1.2.1 OFERTA EDUCATIVA:

- **ESO** (1º, 2º, 3º, 4º)
- **Bacharelato** (1º e 2º) nas modalidades de Artes (na vía de Música e Artes Escénicas), Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais.
  - Segue a desenvolverse o Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía: o **STEMbach**, que iniciou a súa andadura o curso 2019-2020.
  - **Desaparecen** no curso actual os dous grupos de **FPB de CIFP Portovello** que se impartían no noso centro

### 1.2.2. PROFESORADO

- Este ano o número de profesorado é de 72 (4 cunha media xornada) , incluíndo unha profesora completa de AL, o que significa o mesmo número de profesores e profesoras que o ano pasado, se ben o alumando é considerablemente máis numeroso e e o número de optativas maior. Dispoñemos doutra media xornada, xa concedida, para desenvolver o PROA +
- **Presentes no centro:**
  - 56 teñen destino definitivo, dos cales:
    - 14 do corpo de catedráticos
    - 37 PES



- 1 do corpo de profesores especiais de ITEM a extinguir
- 2 profesores/as de Relixión
- 2 do corpo de mestres/as
- 15 con destilo provisional (en prácticas, en expectativa, ou interinidade/substitución)
- **Non presentes:** Profesores con destino definitivo en comisión de servizos: 2

### 1.2.3. PERSOAL NON DOCENTE

- Persoal de administración e servizos: 10
  - 3 bedeis
  - 2 membros de persoal administrativo
  - 5 membros do persoal de limpeza
  - **Outro persoal:** 1 cuidadora

### 1.2.4. ALUMNADO

No IES As Lagoas cursan estudos 787 alumnos e alumnas ( números do 16/10/2021) distribuídos en 32 grupos:

- ESO (4+4+4+4 + 1 grupo de afondamento en 1º e 2º ESO e PDC en 3º e 4º ESO) = 20
- Bacharelato (6+6) = 12

O número de alumnos e alumnas matriculados ata o 14 de outubro son:

	Alumnado. Curso 2022-2023			
	Grupos	Homes	Mulleres	Total
<b>1º ESO</b>	4+1	57	51	<b>108</b>
<b>2º ESO</b>	4+1	51	67	<b>118</b>
<b>3º ESO</b>	5	57	60	<b>117</b>
<b>4º ESO</b>	5	38	80	<b>118</b>
<b>1º BAC</b>	6	81	100	<b>181</b>
<b>2º BAC</b>	6	53	92	<b>145</b>
<b>Total alumnado</b>		<b>334</b>	<b>451</b>	<b>787</b>

## Número de alumnos de procedencia estranxeira e inmigrantes

Aínda que hai un número importante de alumnos nados fóra de España, de moi diferente orixe, 48 teñen unha nacionalidade estranxeira, nunha porcentaxe cada vez máis elevada.

Nacionalidade	Mulleres	Homes	Total
Arxentina	1	1	2
Brasil	1		1
China	1	2	3
Colombiana	3	1	5
Cubana		1	1
Dominicana	1		1
Guinea Ec.		1	1
Hondureña	1	1	2
Mexicana	2		2
Panamá	1		1
Peruana	1	2	3
Portuguesa		1	1
Rusa	1	1	2
Ucráina	2	2	4
Venezolana	14	5	19
<b>Total</b>	<b>19</b>	<b>20</b>	<b>48</b>

### 1.2.5. Seccións bilingües:

Son as seguintes, co número correspondente de alumando:

Bilingües (total por sexo)			
	CURSO	Mat bilingüe	SEXO
26	ESO - 2º	Música (Bilingüe)	H
43	ESO - 2º	Música (Bilingüe)	M
20	ESO - 3º	Música (Bilingüe)	H
33	ESO - 3º	Música (Bilingüe)	M
	ESO- 4º	Música (Bilingüe)	H
	ESO- 4º	Música (Bilingüe)	M
5	ESO - 3º	Valores éticos e cívicos (Bilingüe)	H
17	ESO - 3º	Valores éticos e cívicos (Bilingüe)	M

### 1.2.6. STEMBach

O curso 2019-2020 iniciouse o proxecto do STEMBach se ben as circunstancias sanitarias interromperon o seu desenvolvemento ese mesmo ano; o curso 2020-2021 o programa sufriu os retrasos sobrevidos coa pandemia pero xa se incorporaron alumnos e alumnas de 1º BAC.

Os cursos pasados o obxectivo foi recuperar o ritmo de traballo previsto e a concreción do proxecto; no curso 22-23 completouse a construción do módulo bioclimático (foi inaugurado no mes de febreiro) e fixéronse os microproxectos planificados que foron despois expostos e valorados por unha comisión formada por la Universidade de Vigo e o profesorado do centro.

Este novo curso realizaranse novos proxectos.

Nos matriculados nesta materia extracurricular son:

	Alumnas	Alumnos	Total
1º BAC	9	19	28
2º BAC	11	3	14
			<b>42</b>

### 1.2.7. Relación alumnos/grupo/profesor.

Unha vez superadas as circunstancias adversas de anos anteriores o número de alumando crece.

A ESO presenta unhas cifras superiores ás do curso pasado (33 alumnos/as máis) cun incremento significativo en 4º ESO, cun total de 461 alumnos/as na etapa, fronte aos 428 do ano pasado. En BAC o incremento tamén é considerable, sobre todo en 1º; hai 39 alumnos e alumnas máis que o ano pasado.

A proporción de alumnos/as da ESO/aula é de case 24, se temos en consideración os dous grupos de PDC.

No bacharelato esta proporción sube a 27, se ben os grupos de 1º BAC están ao límite posto que hai 180 alumnos; en 2º BAC é o o grupo de Artes o máis numeroso.

No que atinxe á proporción de alumnos por profesor, a cifra resultante é de 10'93, lixeiramente superior ao do ano pasado. Debemos reivindicar o mantemento do cupo de cursos anteriores, que este curso peligró, para que a ratio profesor/alumnado non exceda os límites aconsellables para a aplicación eficaz dos procesos educativos.

Cos datos que figuran a continuación podemos ilustrar como foron as modificacións dos últimos anos e como empeoramos neste aspecto, repercutindo negativamente en medidas tradicionais no centro, como por exemplo os reforzos para cursos superiores en horarios de tarde que o PROA + non cubre (o ámbito lingüístico):

Curso	23/24	22/23	21/22	20/21	19/20	18/19	17/18	16/17	15/16	14/15	12/13
Profesores	72	72	73'5	73'5	71	71	71	72	70	70	75
Alumnos	787	738	698	718	766	751	765	789	775	755	740
Relación	10'93	10'25	9'49	9'16	10'78	10,36	10,77	10,96	11,07	10,78	9,87

### 1.2.8. Mellora das competencias clave: matemática, científica e comunicación lingüística.

O centro aplica desde fai moitos anos medidas que procuran a mellora das competencias matemática, científica e lingüística do noso alumnado. A nova lei insiste na adquisición destas competencias.

Cos recursos que temos o esquema organizativo destas actuacións para o curso 2023-2024 é o que segue:

- Creación dun grupo máis en 1º e 2º ESO (5)
- Dous grupos de PDC, un en 3º e outro en 4º
- As dúas horas de libre disposición que nos permite a LOMLOE en 1º ESO están destinadas as materias de Inglés e Lingua Castelá e en 2º ESO a Inglés e Lingua Galega, decisión tomada na última CP no curso 21-22.
- Grupos específicos de reforzo coas materias de Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas, alternativas á 2ª lingua estranxeira, en 1º (5 grupos) e 2º de ESO (5 grupos). Este ano a suma de horas de reforzo é distinta en 1º e 2º ESO debido precisamente ás horas de libre disposición citadas no punto anterior. En 1º ESO serán 2 horas de reforzo, Matemáticas e Lingua Galega, e en 2º, Matemáticas e Lingua Castelá.
- Solicitud do programa PROA + , novamente fóra do horario lectivo e para o ámbito científico.
- Grupos e atencións de apoio nos cursos iniciais de ESO por parte das profesoras especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

### 1.3. ÓRGANOS E RESPONSABILIDADES.

#### 1. Órganos unipersoais. Equipo directivo.

O novo equipo directivo renovouse o 30 de xuño de 2023 e está formado por:

**Directora:** Elisa Rodríguez Barés

**Xefa de Estudos:** M<sup>a</sup> Carmen González Serodio

**Secretario:** M<sup>a</sup> Cristina Fernández-Arruty Ferro

**Vicedirectora:** Mónica Rodríguez Cancio

#### 2. Consello Escolar.

Tras o nova renovación, celebrada no curso 22-23, a composición do C. Escolar queda como segue:

- **Alumnos/as:**

Isabella Moreno Rueda

Noa Barge Gómez

Mikel Brea Gómez

Gabriel Llamazares Valdavida

- **Pais/nais:**

Francisco Javier Rodríguez Martínez

Concepción López Carnero

- **Pais/nais (ANPA):**

Beatriz Monfort Liniers

- **Profesorado:**

María José Rivada Rodríguez

María Luisa C. García Expósito

Myrian González Iglesias

Manuel Domínguez Domínguez

Elisa Álvarez Fernández

Santiago Díaz Vilela

Amparo Outomuro Rodríguez

- **PAS:** M<sup>a</sup> Dolores Pérez Pérez
- **Concello:** (pendente de nomear)
- **Directora:** Elisa Rodríguez Barés
- **Xefa de Estudos:** M<sup>a</sup> Carmen González Serodio
- **Secretario:** M<sup>a</sup> Cristina Fernández-Arruty- Ferro

### 3. Claustro de profesores (departamento)

Álvarez Fernández, Elisa	<b>(Alemán)</b>
Fernández Cortes, María del Carmen	<b>(Biloxía e Xeoloxía)</b>
González Serodio, María del Carmen	
Fernández Souto, María del Mar	
Casalderrey Vázquez, Carmen	
Vázquez Guzmán, Sara Luisa	<b>(Debuxo)</b>
Álvarez Pazos, María Basilisa	
Theotonio Arenas, Alfonso	<b>(Economía)</b>
González Conde, Francisco	<b>(Educación Física)</b>
Fernández Valencia, María Nuria	
López Blanco, Noa	
de la Torre Fernández, Francisco Xabier	<b>(Filosofía)</b>
Gándara Arjomil, María Isabel	
Bouza Vázquez, Lilian Magaly	
Omar Martínez Alejos	
Llano Fernández, María Carmen	<b>(Física e Química)</b>
Gargallo Abelairas, José Manuel	
Outomuro Rodríguez, María Amparo	
Alonso Iglesias, M <sup>a</sup> Amelita	

Prado Vidal, Pilar	<b>(Francés)</b>
Guerra Hoyos, María Concepción	
Sabela Martínez Álvarez	
García Cancio, Daniel	<b>(Grego)</b>
García Castro, Laura	<b>(Inglés)</b>
Gómez Fariñas, José Luis	
Rivada Rodríguez, María José	
Méndez López, Vanesa	
Iglesias García, María Ángela	
Núñez Desiré, María Jesús	
López Álvarez, María Josefa	<b>(Latín)</b>
Garrido Gómez, Elizabeth	<b>(Lingua Castelá)</b>
Rodríguez Barés, Elisa	
Monzano Rovira, M <sup>a</sup> Carmen	
Alonso Iglesias, Remedios	
Limia Colmenero, Lola	
Rodríguez Cayetano, Margarita	
Viso Taín, María Consuelo	
Soto Fernández, Xurxo	
Vázquez Añel, Ilda	<b>(Lingua Galega)</b>
Álvarez Cid, Francisco Xabier	
Doval Fernández, Clara	
Fernández da Costa, María Jesús	
González Iglesias, Myrian	
Moreiras Rodríguez, Lucía	
Piñeiro Fernández, Raúl	
Fernández-Arruty Ferro, María Cristina	<b>(Matemáticas)</b>
García González, María Carmen	
García Expósito, María Luisa Clotilde	

Rodríguez Murga, María Antonia

Baladrón Senra, Gonzalo

Vázquez Guede, Amelia

Ferreiro García, Carlos

Rodríguez Díaz, Laura

Pato Lorenzo, Raquel

**(Música)**

Rodríguez González, Blanca María

Rey Olleros, Manuel

Perianes Guitián , Ilduara

Fernández Álvarez, Ariana

**(Orientación)**

Álvarez Camba, Xabier

Gil Mosquera, Emilia (PT)

Franco Soto, María (AL)

Domínguez Domínguez, Manuel

**(Relixión)**

Rodríguez Cancio, Mónica

Díaz Vilela, Santiago

**(Tecnoloxía)**

Érika Pérez Rodríguez

Grande Gallego, Celso

Rodríguez Araújo, Susana

Fernández Dopazo, Manuel Ángel

Álvarez Castro, Pablo

Pérez González, Miguel Ángel

**(Xeografía e Hª)**

Grande Rodríguez, Manuel

Seoane Encinas, Daniel Luis

Plasencia Gómez , Miguel

Cruz Veliñas, Virgilio

Rey Sanfiz, Luis Carlos

Blanco Álvarez, Martín

**(PROA +)**



#### **4. Comisión de coordinación pedagógica**

Directora: Elisa Rodríguez Barés

1. Xefa de Estudos: M<sup>a</sup> Carmen González Serodio
2. Xefa do Dto. de Alemán: Elisa Álvarez Fernández
3. Xefa do Dto. de Ciencias Naturais: M<sup>a</sup> Carmen Fernández Cortés
4. Xefa do Dto. de Debuxo: Sara Vázquez Guzmán
5. Xefe do Dto. de Economía: Alfonso Theotonio Arenas
6. Xefa do Dto. de Educación Física: María Nuria Fernández Valencia
7. Xefa do Dto. de Filosofía: Javier de la Torre Fernández
8. Xefa do Dto. de Física e Química: M<sup>a</sup> Carmen Llano Fernández
9. Xefa do Dto. de Francés: M<sup>a</sup> Concepción Guerra Hoyos
10. Xefe do Dto. de Lingua Galega: Mirian González Iglesias
11. Xefe do Dto. de Grego: Daniel García Cancio
12. Xefe do Dto. de Inglés: José Luis Gómez Fariñas
13. Xefa do Dto. de Latín: María Josefa López Álvarez
14. Xefa do Dto. de Lingua Castelá: Remedios Alonso Iglesias
15. Xefa do Dto. de Matemáticas: M<sup>a</sup> Antonia Rodríguez Murga
16. Xefa do Dto. de Música: Manuel Rey Olleros
17. Xefa do Dto. de Orientación: Ariana Fernández Álvarez
18. Xefe do Dto. de Relixión: Manuel Domínguez Domínguez
19. Xefe do Dto. de Tecnoloxía: Santiago Díaz Vilela
20. Xefe do Dto. de Xeografía e Historia: Miguel Ángel Pérez González
21. Coordinadora do EDL: Ilda Vázquez Añel
22. Coordinadora do PLAMBE: M<sup>a</sup> Jesús Fernández da Costa
23. Profesora de Pedagogía Terapéutica: Emilia Gil Mosquera
24. Coordinadora da Biblioteca: María Xesús Fernández da Costa.

#### **5. Outros equipos e responsabilidades**

O curso pasado pudimos recuperar as horas destinadas a diversos equipos e coordinacións. Este curso novamente tivemos que reducir esas horas polo aumento das horas lectivas ao ter un número moito máis elevado de optativas e, polo tanto, de horas. Aínda sí e como consecuencia da obtención do Selo de Vida Saudable, creamos unha nova coordinación para este ámbito, composto só pola persoa coordinadora.

- **Equipo de convivencia e mediación**

Coordinadora: M<sup>a</sup> Carmen González Serodio

Coordinadora de benestar social e emocional: Ariana Fernández Álvarez

Compoñentes: Lilian Magaly Bouza Vázquez, Virxilio Cruz Veliñas, José Luis Gómez Fariñas , Ariana Fernández Álvarez, Javier Álvarez Camba e Consuelo Viso Taín

- **Equipo de biblioteca**

Coordinadora: María Xesús Fernández da Costa.

Equipo: Clara Doval Fernández e Ángela Iglesias García

Equipo de apoio no recreo: Remedios Alonso Iglesias, Elisa Álvarez Fernández, María José Rivada Rodríguez, Carmen Manzano, Elizabeth Garrido Gómez e Xavier Álvarez Cid.

- **Equipo de dinamización lingüística:**

Coordinadora: Ilda Vázquez Añel

- **Equipo de dinamización dixital:**

Coordinador: Daniel García Cancio

Cristina Fernández-Arruty Ferro,

M<sup>a</sup> Carmen González Serodio,

Xabier Álvarez Cid

Manuel Ángel Fernández Dopazo

Elisa Rodríguez Barés

- **Equipo do STEMBach:**

Coordinador: Santiago Días Vilela

Alfonso Theotonio Arenas

Manuel Ángel Dopazo

- **Equipo Erasmus +**

Coordinadora: Elisa Álvarez Fernández

Mónica Rodríguez Cancio

Cristina Fernández Arruty

Alfonso Theotonio Arenas

Jose Luis Gómez Fariñas

María Fernández da Costa

M<sup>a</sup> Concepción Guerra Hoyos

Ilduara Perianes Guitián

Celso Grande Gallego

Laura García Castro

Xurxo Soto Fernández

Lucía Moreiras Rodríguez

Raquel Pato Lorenzo

Elisa Rodríguez Barés

- **Coordinación ámbito Artes e Polos Creativos:**

Xurxo Soto Fernández

- **Coordinación saúde, sostibilidade e medio ambiente**

Mar Fernández Souto

## 6. Titorías

1º ESO A	1º ESO B	1º ESO C	1º ESO D	1º ESO E
Raúl Piñeiro	Miguel Plascencia	Ilda Vázquez	M <sup>a</sup> Basilisa Álvarez	Manuel Domínguez
2º ESO A	2º ESO B	2º ESO C	2º ESO D	2º ESO E
M <sup>a</sup> José Rivada	Lola Limia	Celso Grande	Lucía Moreiras	Francisco Conde
3º ESO A	3º ESO B	3º ESO C	3º ESO D	3º ESO PDC
Toñi Rodríguez	Ilduara Perianes	Virxilio Cruz	Vanesa Méndez	Carmen Manzano
4º ESO A	4º ESO B	4º ESO C	4º ESO D	
Carlos Ferrero	Carmen García	Xurxo Soto	Remedios Alonso	
4º ESO PDC				
Mirian González				

1º BAC A	1º BAC B	1º BAC C	1º BAC D	1º BAC E	1º BAC F
Amparo Ouatomuro	Xavier Álvarez	Isabel Gándara	Noa López	Lilian Bouza	Laura G. Castro
2º BAC A	2º BAC B	2º BAC C	2º BAC D	2º BAC E	2º BAC F
Jose Luis G. Fariñas	Margarita Rodríguez	Daniel Seoane	Mª Jesús Núñez	Javier de la Torre	Manuel Grande

## 7 . Persoal non docente

- **Administrativos:**

1. Seguín Pena, Mª Paz
2. Barreiro Álvarez, Ana Isabel

- **Conserxes:**

1. Calviño Cid, José Castor
2. Pérez Pérez, María Dolores
3. Vázquez Gómez, Argemiro

- **De limpeza:**

1. Fernández González, Camila
2. Lorenzo Álvarez, Consuelo
3. Novoa Barcia, María Jesús
4. Rodríguez Rivera, Alicia
5. Ermitas Vaz Osorio

- **Coidadora:**

1. Álvarez Prieto, María Dolores

## 8. Auxiliares de conversa:

1. Edder, Fabienne (alemán). Incorporouse ao centro o 3 de outubro de 2023.

2. Aaron Kleinschmidt (inglés). Incorporouse ao centro o 15 de setembro de 2023.

### 3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO.

Temos como referencia os principios que sinala o noso PEC, documento reformado e aprobado polos órganos colexiados o curso pasado, e a nosa intención é continuar cos proxectos e liñas de actuación que marcan a tradición do centro que fan del un referente na contorna e na cidade de Ourense; este curso a implantación total da nova lei supuxo un gran esforzo para aplicar os seus principios e obxectivos de maneira eficaz con recursos moi xustos. Por outra banda, no ámbito das actividades, escolares e extraescolares, téñense en conta á diversidade e á transversalidade e aportan moita riqueza á comunidade

As **liñas prioritarias** para o curso 2023-2024 serán:

1. Aplicar a LOMLOE en todos os cursos.
2. Dar continuidade ao desenvolvemento do Plan Dixital.
3. Dar continuidade e facer insistencia nos aspectos do IES que viñeron funcionando de forma satisfactoria e corrixir aqueles que temos avaliado como susceptibles de mellora, principalmente os referidos ao mundo dixital e ao mundo da innovación.
4. Manter e mellorar os niveis de aprendizaxe mantendo e aumentando os resultados académicos e inculcando ao noso alumando o pensamento crítico, a curiosidade e a innovación que lle aporten habilidades para as distintas disciplinas e para o seu futuro formativo e profesional.
5. Impulsar a formación docente, incidindo nos aspectos que nos permitan un proceso de mellora constante.
6. Mellorar a vida do centro aplicando fins de compromiso co medio ambiente e coa vida saudable poñendo en marcha accións que contribúan a sostibilidade ambiental, social e saudable.
7. Dinamizar os ámbitos científico e artístico.
8. Seguir a favorecer as políticas de igualdade e inclusión coa incorporación da perspectiva de xénero.
9. Asentar o funcionamento de determinadas áreas da vida do centro con importantes dedicacións e actividades: titorías, biblioteca, mediación e convivencia, educación dixital e equipos informáticos, saúde e medio ambiente, innovación, etc.
10. Preservar con actitudes e xestos positivos o ambiente cálido de convivencia, máis concienciado e responsable coa vida saudable o e o medio que nos rodea.

11. Fomentar con actitudes e xestos positivos a concienciación e responsabilidade coa vida saudable e o medio que nos rodea, impulsando unha cultura escolar e integral de sostibilidade.

## 4. PROPOSTAS, MEDIDAS E RECURSOS

### 3.1. Propostas e medidas

1. Atendendo ao principio da diversidade e a inclusión, o centro implementará as seguintes medidas:
  1. Organización do alumnado de 1º ESO e 2º ESO en cinco grupos a través do desdoblamento das catro unidades asignadas a cada nivel.
  2. Procura de distribución equilibrada do alumnado de reforzo e apoio en cada un dos grupos de 1º e 2º de ESO para recibir Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas polo mesmo profesor ou profesora, aplicando a materia propia do centro (unha terceira hora da segunda lingua estranxeira).
  3. Asignación e distribución do alumnado de apoio.
  4. Articular, na medida do posible, desdobres para ás optativas máis concorridas para atender á diversidade.
  5. Solicitar e desenvolver o programa de recuperación e reforzo (PROA +)
2. Aplicación real e sistemática dos Plans do centro, especialmente, dos plans novos, o o Plan Dixital e o Plan de Saúde e Sostibilidade.
3. Inclusión nas programacións didácticas dos elementos transversales sobre os que se vertebra a educación no centro, recollidos no P.E.C, tendo presentes os obxectivos e valores do centro (atención á diversidade, inclusión, equidade, igualdade, solidariedade, compromiso co medioambiente, dereitos humanos, calidade...)
4. Afondamento na coordinación entre os membros de cada departamento para facer seguimento das programacións e atender en aspectos como os seguintes:
  1. Adecuación do calendario das avaliacións ao calendario escolar de acordo á nova normativa.
  2. Unificación e seguimento dos exames en coherencia co peso das distintas aprendizaxes que deban ser avaliados en cada período.
  3. Valoración precisa do peso dos distintos instrumentos de avaliación para configurar as cualificacións de cada avaliación e as finais, ordinaria e extraordinaria.
  4. Diversificación dos procedementos de avaliación para o alumnado con necesidades ou diagnósticos especiais.

5. Autoavaliación periódica da propia práctica docente e das dificultades e posibles melloras no cumprimento da programación.
6. Coñecemento e achegamento a novas metodoloxías innovadoras.
5. Promoción das actividades de formación entre o profesorado segundo a fórmula de grupo de traballo na liña concedida de PFPP, este ano especialmente referido a aplicación e desenvolvemento de metodoloxías innovadoras, Plan Dixital, encontros internacionais e mediomambiente.
6. Participación nos programas educativos nos que o centro ven participando nos últimos anos: Contrato-programa, Plan proxecta, Erasmus +, STEMBach, PLAMBE, Polos Creativos, etc.
7. Mellora na coordinación entre departamentos e dirección en todos aqueles programas do centro.
8. Actualización e renovación, de acordo a nova lei, dos documentos do centro non actualizados o curso pasado.
9. Elaboración do Plan de Vida Saudable e Sostibilidade medioambiental.
10. Renovación e ampliación dalgúns espazos do centro que as obras non cubriron (aseos, ensolado dos patios, pavillón, salón de actos, etc.).
11. Renovación de equipos informáticos obsoletos.
12. Intervencións para evitar barreiras que dificulten a mobilidade do alumnado e outras persoas, especialmente as que teñen problemas de mobilidade.
13. Promoción e impulso das actividades da biblioteca nos termos que sinala o Plan Lector e o PLAMBE: club de lectura, renovación de ambientes e mobiliario, mellora de equipo informático, coordinación co profesorado e os departamentos, apertura aos distintos sectores da comunidade escolar, etc. e revisión dos aspectos mellorables do Plan.
14. Revisión e renovación, atendendo á diversidade e a transversalidade, das variadas actividades extraescolares tradicionais na vida do centro.
15. Desenvolvemento de actividades que promovan a vida saudable e o respecto ao medio ambiente para fomentar, fronte aos desafíos do cambio climático, a concienciación sobre hábitos cotiáns (consumo responsable, consumo saudable, preservación do planeta, hábitos saudables, etc.)
16. Dar recepción do novo alumnado e axuste da resposta educativa do alumnado que o requira.
17. Mellora a recepción de novos integrantes da comunidade educativa coa creación dun guión que resuma as normas do centro.

18. Presentación do centro ante os pais e nais dos alumnos dos centros adscritos nos períodos de reserva de praza e mellora dos canles de comunicación.
19. Presentación do curso ás familias unha vez iniciado coa presenza da dirección e dos distintos titores/as.
20. Rexistro protocolizado en Xade a cargo do departamento de orientación das circunstancias que teñen que ver con alumnado de necesidades específicas e dos acordos correspondentes.
21. Ampliación das canles de comunicación entre a comunidade escolar, priorizando o emprego de Abalar.
22. Mellora na atención e asesoramento aos titores e titoras.
23. Dinamización e fomento recursos metodolóxicos innovadores, por exemplo, introdución nalgúns períodos do traballo cooperativo e por proxectos en determinadas cursos.
24. Participación do alumnado nos plans de acción tutorial desenvolvidos.
25. Desenvolvemento de novas actividades de promoción e formación de novos alumnos mediadores e fomento das Tutorías entre iguais.
26. Mellorar a atención ao alumnado no dereito responsable á reclamación tras ser avaliados, actualizando documentos, mellorando a información nos períodos de reclamacións.
27. Dinamización das Xuntas de Delegados/as como órganos representativos do centro.
28. Insistencia no desenvolvemento de actividades tradicionais dirixidas ao alumnado relacionadas coa igualdade de xénero, a tolerancia, o uso das redes sociais, educación afectivo-sexual, a educación emocional, a educación medioambiental...ampliando os principios de concienciación, responsabilidade e disciplina ante a situación que estamos a vivir.
29. Ampliación da oferta de actividades e recursos para a convivencia e os aspectos emocionais.
30. Ampliación da oferta de actividades e recursos relacionados co medioambiente e a sostibilidade.
31. Axuda e coordinación coas familias a través de aprendizaxes e consellos compartidos.
32. Insistencia e axuste nas actividades destinadas ás familias, principalmente as referidas ás redes sociais, aspectos emocionais e outras.
33. Mellora dos procesos de difusión de actividades do centro.
34. Continuar co estudo da posible implantación no centro do Bacharelato Internacional
35. Creación de novas redes de comunicación para, principalmente, promocionar e difundir as actividades e recoñecementos públicos do Instituto.



### 3.2. Recursos.

O Claustro este ano conta con 68 profesores con dedicación completa e 4, máis o profesor do PROA +, cunha media xornada. Contamos co mesmo número de profesores que o curso pasado aínda que este ano as horas e o alumando aumentou considerablemente. Debemos facer todo o posible para manter ou incrementar ese número para que o centro manteña os seus niveis de calidade.

Sexa como for, polos éxitos conseguidos, seguimos optando por aplicar un ano máis certas medidas que melloran a proporción de alumnos e alumnas por profesor na práctica docente da aula. Naturalmente, faise a conta dunhas superiores dedicacións lectivas no horario.

Débese saber que esta organización dos grupos e o aumento e desdobre das optativas propostas por a nova lei, produce un incremento considerable de horas, o que dá idea da importancia que o centro outorga a mellorar as condicións que favorezan a atención á diversidade e a eficacia no ensino e a aprendizaxe das materias. Interesa considerar tamén neste deseño a cantidade de horas que derivan dos grupos das seccións bilingües ou da variada optatividade de materias.

No que toca a recursos materiais, as obras executadas pola Xunta no curso 21-22 dotaron ao centro de novas instalacións enerxéticas, ventás, iluminación e pintura que melloraron o centro; porén estas obras deixaron sen cubrir importantes necesidades como o arranxo do pavillón e os patios e os aseos da parte vella; intentamos corrixir o ano pasado estas carencias pero aínda quedan espazos por arranxar.

No referente ás aulas, sendo o centro como é vello, sufrimos cada ano o inadecuado dalgúns espazos (pequenos, mal ventilados, mal orientados, corredores estreitos, laboratorios obsoletos, etc.); un problema de difícil solución. Desde o curso pasado contamos cun aula dedicada aos Polos Creativos.

Contamos con boas e eficaces ferramentas de comunicación (web do instituto, correo electrónico, teléfono, Xesfano, Mensario, abalarMóbil, ...) e fomentamos o uso responsable de móbiles e redes sociais.

A través do desenvolvemento do Plan Dixital queremos que as ferramentas dixitais sexan empregadas pola maioría da comunidade. O ano pasado incrementouse nunha alta porcentaxe o uso de Abalar por parte do profesorado e as familias e procuramos que o seu uso sexa total para a xestión das actividades titoriais. Así mesmo a Aula Virtual é maioritariamente empregada; todo o profesorado dispón dos seus cursos e todo alumnado está matriculado na Aula.

Por outra banda, a web do centro segue mellorando día a día con novas seccións e usos.

Tamén estamos a mellorar e crear novos canles de comunicación, a través de redes sociais, para difundir e promocionar as actividades que desenvolven os departamentos e mesmo, como se recolle nas medidas,

unha canle para difundir ditas actividades ao exterior e dar novas delas, así como dos recoñecementos públicos do Instituto ou dos seus alumnos/as e profesores/as.

## II. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

Na organización do centro hai medidas que, impostas no período da pandemia, permanecen, pola orde e fluidez que aportan, como por exemplo a entradas e saídas por distintas portas e o tránsito preferente pola dereita.

### 1. HORARIO XERAL DO CENTRO

#### 1.1. Horario lectivo e doutras actividades

O horario do centro con respecto ás clases é o seguinte:

Hora	BAC	ESO
1ª hora	8'30	8'30
RECREO	De 11 a 11'30	De 11 a 11'30
Saída	14'00 h	14'00
LUNS tarde	16'00 a 17'40	16'00 a 17'40

Nos períodos lectivos o centro permanece aberto desde as 8 da mañá, en que inicia a actividade laboral o persoal administrativo e de servizos, e continúa en xornada de tarde os luns, martes, mércores e xoves.

Só o alumnado de Bacharelato, sempre que teñan autorización dos seus proxenitores ou titores se son menores de idade, poderá saír do centro na hora do recreo, sendo responsables os propios alumnos e alumnas das súas saídas; deben cumprir e respectar as normas do centro tamén fóra do recinto. Calquera incidencia que se produza fóra do centro, nas entradas e saídas, co alumnado do centro será tratada polas mesmas normas de Convivencia que rexen a vida escolar.

Recupérase o horario regular de apertura que antes prescindía das tardes dos martes e dos xoves ao non haber actividade lectiva ningunha. Este ano martes, mércores e xoves haberá tamén reforzos, PROA +, obradoiros de matemáticas ,clases de docencia para o alumando do STEMBach e formación do profesorado. Haberá tamén actividades extraescolares (deportivas, musicais e teatrais). En todas as tardes estará presente un membro do equipo directivo.

Ampliouse o aluguer do pavillón aos Clubs habituais: o Club Deportivo Orelas (Patinaxe artístico), o Voleibol, e o Club de Bádminton que compartirán o uso do Pavillón en horario de tarde-noite. A dirección do

centro e o Consello Escolar estableceron no seu día un acordo coa federación galega de Bádminton. Tamén inclúese unha nova Escola Deportiva de Fútbol Sala Feminino e Balonmán.

En xeral, nunca se puxeron obxeccións á utilización das pistas deportivas externas, ás que frecuentemente acudían xoves da contorna, non necesariamente matriculados no centro. Elimináronse as restricións neste espazo, sempre e cando haxa persoal no centro.

A presenza de persoal de servizos estará garantida dúas tardes á semana, non só cando haxa exames e probas de recuperación, sesións de avaliación e outras actividades programadas. O horario e acumulación de tarefas fai necesario a permanencia do terceiro conserxe.

Só de forma excepcional pode producirse a realización dos exames ordinarios nas tardes, cando é aceptado pola totalidade do alumnado afectado. As tardes poden ser tamén, ocasionalmente, momentos para a atención e desenvolvemento de actividades con alumnos suxeitos a medidas de corrección.

Nos meses non lectivos do ano procúrase garantir a presenza de, polo menos, tres membros do persoal no centro entre as 10 a 13 horas: un directivo, un administrativo, un de conserxería e un/unha limpador/a. En época de matrícula, este horario esténdese a toda a mañá.

## 1.2. Quendas de gardas. Vixilancias nos recreos e outras funcións

As quendas de gardas non están tan reforzadas como en cursos pasados pero seguen a ser case as mesmas: gardas de aula, gardas de recreo, gardas de pavillón, gardas de biblioteca e gardas de aula de convivencia. Reduciuse o número de efectivos de garda na hora de recreo polas causas indicadas, máis horas dedicadas ás actividades académicas.

As **gardas de biblioteca** continúan co mesmo número de profesores/as que o ano pasado. Están destinadas a atender o servizo nas horas de maior uso; dous profesores, excepto os luns, en cada recreo que atenderán ao alumando presente e o servizo de préstamo e devolución.

As horas totais de atención á biblioteca, xa de garda, xa de traballo específico da persoa coordinadora e dos membros do equipo de apoio, distribúense conforme o seguinte horario:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9,20-10,10				1 prof	
10,10- 11					
11-11,30 <b>RECREO</b>	1 prof	2 prof	2 prof	2 prof	2 prof

11,30-12,20	1 prof		1 prof		Reunión E.biblioteca
12,20-13,10			1 prof		
13,10-14,00	1 prof		1 prof		
TARDE 17'40-18'30	1 prof				

As **gardas de convivencia** son atendidas polos profesores que forman parte do equipo de convivencia. Distribúense de tal forma que a aula está atendida por alguén nos períodos de lecer, sen prexuízo das atencións específicas para a corrección das condutas que poidan desenvolver noutros períodos. Este curso reducíronse moito estas dedicacións do equipo e inclúese as horas da Coordinadora de Benestar .

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
11-11,30 <b>RECREO</b>	1 prof	1 prof	1 prof + Coodinadora benestar	1 prof	1 prof
12,20			Coodinadora benestar	1 prof	

O centro ten establecido nas súas normas unha quinta variedade de gardas, a de **atención á titoría**: unha sesión semanal no horario destinada aos titores para atender os distintos traballos de control e seguimento dos alumnos do seu grupo e para reunirse coa Xefa de Estudos e coas orientadoras.

O **horario do equipo directivo** distribúese de tal maneira que se asegura a presenza mínima dun membro do mesmo en calquera hora dos períodos de apertura do centro, incluíndo as tardes, entre as 16 e 17,40. Tense establecido un período semanal de 50 minutos para as reunións ordinarias do equipo.

O **Consello Escolar**, renovado novamente o curso 2022-2023, reúne en sesión ordinaria no comezo de curso (segunda quincena de outubro) e na finalización de cada trimestre. Sen consideración das sesións que habitualmente teñen as comisións constituídas no seo deste órgano (permanente, de escolarización, actividades, convivencia...), hai sesións específicas que poden ter como función a aprobación dos orzamentos ou actividades formativas ou extraescolares.

O **Claustro** ten un réxime de sesións que repite de forma xeral o do Consello Escolar. De feito, a case totalidade dos asuntos deste órgano teñen a súa valoración previa no Claustro sen prexuízo de atender as que son exclusivas da súa competencia. Este é o caso, no inicio de curso, das sesións para aprobar os

criterios de elaboración de horarios e, posteriormente, aquel no que se produce a entrega destes. Por outra parte, a práctica totalidade dos asuntos (inescusablemente os de carácter docente) que necesitan aprobación ou tratamento polo Claustro e, no seu caso, polo Consello Escolar, son valorados previamente pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

No que se refire a este último órgano, cúmprese con rigor a frecuencia de polo menos unha reunión mensual. A maioría das reunións dos órganos deste curso celebraranse de forma presencial, sen menoscabo das virtuais cando sexa necesario, como no resto de órganos e comisións.

## 2. CALENDARIOS

## Calendario escolar 2022-2023

CALENDARIO ESCOLAR 2023-2024																																																		
2023	<p>Inicio das clases en todas as etapas educativas</p> <p>Fin das actividades lectivas en EI, EP, EE, ESO, BAC, FP</p> <p>Fin das actividades lectivas nas ensinanza de r�oxime especial</p> <p>D�as non lectivos (en vermello, os feriados oficiais)</p> <p>D�AS LECTIVOS TOTAIS: 178 (a falta de descontar 2 feriados locais)</p> <p>Previsi�n feriado auton�mico: 17 de maio. D�a do ensino: 7 de decembro</p> <p>Distribuci�n d�as lectivos: 1� trimestre: 69. 2� trimestre: 52. 3� trimestre: 57</p>																																																	
	<p>15 d�as lectivos</p> <p>setembro 2023</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>L</th><th>M</th><th>M</th><th>X</th><th>V</th><th>S</th><th>D</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td></tr> <tr><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td><td>10</td></tr> <tr><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17</td></tr> <tr><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td></tr> <tr><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td></td></tr> </tbody> </table>	L	M	M	X	V	S	D					1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30								
	L	M	M	X	V	S	D																																											
					1	2	3																																											
	4	5	6	7	8	9	10																																											
	11	12	13	14	15	16	17																																											
	18	19	20	21	22	23	24																																											
	25	26	27	28	29	30																																												
	<p>21 d�as lectivos</p> <p>outubro 2023</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>L</th><th>M</th><th>M</th><th>X</th><th>V</th><th>S</th><th>D</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td>1</td></tr> <tr><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td></tr> <tr><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td></tr> <tr><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td><td>22</td></tr> <tr><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td></tr> <tr><td>30</td><td>31</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> </tbody> </table>	L	M	M	X	V	S	D							1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31					
	L	M	M	X	V	S	D																																											
						1																																												
2	3	4	5	6	7	8																																												
9	10	11	12	13	14	15																																												
16	17	18	19	20	21	22																																												
23	24	25	26	27	28	29																																												
30	31																																																	
<p>21 d�as lectivos</p> <p>novembro 2023</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>L</th><th>M</th><th>M</th><th>X</th><th>V</th><th>S</th><th>D</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td></tr> <tr><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td></tr> <tr><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td></tr> <tr><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td></tr> <tr><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td></td><td></td><td></td></tr> </tbody> </table>	L	M	M	X	V	S	D			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30											
L	M	M	X	V	S	D																																												
		1	2	3	4	5																																												
6	7	8	9	10	11	12																																												
13	14	15	16	17	18	19																																												
20	21	22	23	24	25	26																																												
27	28	29	30																																															
<p>12 d�as lectivos</p> <p>decembro 2023</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>L</th><th>M</th><th>M</th><th>X</th><th>V</th><th>S</th><th>D</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td></tr> <tr><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td></tr> <tr><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td></tr> <tr><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td></tr> <tr><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td></tr> <tr><td>31</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> </tbody> </table>	L	M	M	X	V	S	D						1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31							
L	M	M	X	V	S	D																																												
					1	2																																												
3	4	5	6	7	8	9																																												
10	11	12	13	14	15	16																																												
17	18	19	20	21	22	23																																												
24	25	26	27	28	29	30																																												
31																																																		
<p>18 d�as lectivos</p> <p>xaneiro 2024</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>L</th><th>M</th><th>M</th><th>X</th><th>V</th><th>S</th><th>D</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td></tr> <tr><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td></tr> <tr><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td></tr> <tr><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td></tr> <tr><td>29</td><td>30</td><td>31</td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> </tbody> </table>	L	M	M	X	V	S	D	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31												
L	M	M	X	V	S	D																																												
1	2	3	4	5	6	7																																												
8	9	10	11	12	13	14																																												
15	16	17	18	19	20	21																																												
22	23	24	25	26	27	28																																												
29	30	31																																																
<p>18 d�as lectivos</p> <p>febreiro 2024</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>L</th><th>M</th><th>M</th><th>X</th><th>V</th><th>S</th><th>D</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td></tr> <tr><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td></tr> <tr><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td></tr> <tr><td>19</td><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td></tr> <tr><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td></td><td></td><td></td></tr> </tbody> </table>	L	M	M	X	V	S	D				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29											
L	M	M	X	V	S	D																																												
			1	2	3	4																																												
5	6	7	8	9	10	11																																												
12	13	14	15	16	17	18																																												
19	20	21	22	23	24	25																																												
26	27	28	29																																															
<p>16 d�as lectivos</p> <p>marzo 2024</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>L</th><th>M</th><th>M</th><th>X</th><th>V</th><th>S</th><th>D</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td></tr> <tr><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td></tr> <tr><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td></tr> <tr><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td></tr> <tr><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td></tr> <tr><td>31</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> </tbody> </table>	L	M	M	X	V	S	D						1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31							
L	M	M	X	V	S	D																																												
					1	2																																												
3	4	5	6	7	8	9																																												
10	11	12	13	14	15	16																																												
17	18	19	20	21	22	23																																												
24	25	26	27	28	29	30																																												
31																																																		
<p>21 d�as lectivos</p> <p>abril 2024</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>L</th><th>M</th><th>M</th><th>X</th><th>V</th><th>S</th><th>D</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td></tr> <tr><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td></tr> <tr><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td></tr> <tr><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td></tr> <tr><td>29</td><td>30</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> </tbody> </table>	L	M	M	X	V	S	D	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30													
L	M	M	X	V	S	D																																												
1	2	3	4	5	6	7																																												
8	9	10	11	12	13	14																																												
15	16	17	18	19	20	21																																												
22	23	24	25	26	27	28																																												
29	30																																																	
<p>21 d�as lectivos</p> <p>maio 2024</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>L</th><th>M</th><th>M</th><th>X</th><th>V</th><th>S</th><th>D</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td></tr> <tr><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td></tr> <tr><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17 *</td><td>18</td><td>19</td></tr> <tr><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td></tr> <tr><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td>31</td><td></td><td></td></tr> </tbody> </table>	L	M	M	X	V	S	D			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17 *	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31										
L	M	M	X	V	S	D																																												
		1	2	3	4	5																																												
6	7	8	9	10	11	12																																												
13	14	15	16	17 *	18	19																																												
20	21	22	23	24	25	26																																												
27	28	29	30	31																																														
<p>15 d�as lectivos</p> <p>xu�o 2024</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>L</th><th>M</th><th>M</th><th>X</th><th>V</th><th>S</th><th>D</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td>1</td></tr> <tr><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td></tr> <tr><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td></tr> <tr><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td><td>22</td></tr> <tr><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td></tr> <tr><td>30</td><td>31</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> </tbody> </table>	L	M	M	X	V	S	D							1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31						
L	M	M	X	V	S	D																																												
						1																																												
2	3	4	5	6	7	8																																												
9	10	11	12	13	14	15																																												
16	17	18	19	20	21	22																																												
23	24	25	26	27	28	29																																												
30	31																																																	

Mes	D�a	
Setembro	11	Comezo das clases en todas as etapas educativas.
Outubro	12	D�a non lectivo. D�a da Festa Nacional de Espa�a.
	13	D�a non lectivo elixido polo centro
Novembro	1	D�a non lectivo. D�a de Todos os Santos.

Decembro	6	Día non lectivo. Día da Constitución Española.
	7	Día non lectivo. Día do Ensino.
	8	Día non lectivo. Día da Inmaculada Concepción.
	23, 24, 25, 26, 27, 28, 29 30, 31	Vacacións de Nadal.
Xaneiro 2, 3, 4, 5, 6, 7		
Febreiro	12, 13, 14	Vacacións de Entroido.
Marzo-Abril	25-31 marzo	Vacacións de Semana Santa.
	1 abril	
Maio	17	Día non lectivo. Día das Letras Galegas.
	20	<b>Día non lectivo elixido polo centro</b>
Xuño	19, 20, 21	Probas correspondentes á convocatoria extraordinaria para a ESO, o bacharelato e o primeiro curso da FP Básica do curso 2021/2022.
	21	Remate das clases no 2.º ciclo de educación infantil, educación especial, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional.

## 2.2 Calendarios programados

Os órganos do centro solicitaron o día **13 de outubro** e o **20 de maio** como días non lectivos en uso da potestade que recoñece o artigo 7.2 da orde que regula o calendario escolar.

O calendario de avaliacións é o que segue:

Sesión	Niveis	Datas das sesións
<b>Avaliación inicial</b>	ESO	4 e 5 outubro
<b>1ª Avaliación</b>	2º de Bach.	23 de novembro
	1º de Bach e ESO	14, 20 e 21 de decembro
<b>2ª Avaliación</b>	2º de Bach.	7 marzo

	1º de Bach e ESO	19, 20 e 21 de marzo
<b>3ª Avaliación e ordinaria</b>	2º de Bach.	Pendente da datas da CIUG
	1º de Bach	11 de xuño
	ESO	25 e 26 xuño
<b>EXTRAORDINARIA BAC</b>	<b>Probas Extraordinarias</b>	Do 19 ao 21 de xuño
	2º de Bach.	Pendente da datas da CIUG
	1º BAC	24 xuño

### 3. ACTIVIDADES (Anexo II)

### 4. SERVICIOS.

O Instituto non conta con oferta de servizos complementarios de transporte ou comedor. Hai, si, un servizo de cafetería que xa o ano pasado recuperara o servizo de catering para aqueles alumnos e alumnas que queiran quedar comer no centro os luns, previo aviso e pago do menú (7 euros).

## III: ASPECTOS CURRICULARES. (Concreción anual dos plans, programas e proxectos)

### 1.1. PLAN DIXITAL

O curso pasado, un equipo de dinamización dixital, coordinado polo profesor José Manuel Gargallo, e guiado polos asesores da Xunta, iniciou o desenvolvemento o Plan Dixital do centro, elaborado o curso 21-22.



O obxectivo principal do Plan era fomentar o uso e coñecemento das ferramentas dixitais en todos os ámbitos da vida escolar, así como formar á comunidade en estas ferramentas e atopar estratexias dixitais atractivas e eficaces nos procesos de ensino. Os obxectivos para o curso presente seguen a ser os mesmos coas modificacións pertinentes.

Un dos obxectivos fundamentais do curso 22-23 foi a aplicación real deste Plan e a consecución dos seus obxectivos nun traballo de compromiso e colaboración de todos os axentes do centro e a súa aplicación foi satisfactoria.

Este curso 23-24 o equipo de dixitalización pasa a estar coordinado por Daniel García Cancio e perseguirá a consecución dos obxectivos previstos para este período.

## **1.2. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

A atención á diversidade é un principio fundamental que debe primar en todo o ensino básico coa finalidade de asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas ante a educación e evitar, na medida do posible, o fracaso escolar e o consecuente risco de abandono do sistema educativo.

A LOMLOE subliña, entre as súas liñas prioritarias, a importancia da atención á diversidade como fonte de inclusión e equidade.

As medidas, ordinarias e extraordinarias, que o centro ten previstas, como é tradicional no centro, están baseadas nos principios de normalización, equidade, igualdade de oportunidades e de non discriminación. Buscan facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumno e alumna e optimizar o seu potencial de aprendizaxe tendo presente as distintas características e necesidades de todo o alumando.

As consecuencias da pandemia aínda non desapareceron, sobre todo no ámbito emocional, e a comunidade esforzase por manter e reforzar a atención á diversidade, principio estratéxico e esencial do IES As Lagoas.

Unha vez detectadas as necesidades (TDA; TDAH; TEA, dislexias, trastornos da linguaxe e outras dificultades de aprendizaxe, altas capacidades, incorporacións tardías, emerxencias sanitarias, discapacidades, etc.) o centro aplica as seguintes medidas

### **a) Elaboración de grupos**

Á hora de elaborar os grupos búscase un equilibrio entre eles, en canto ao número de alumnos, alumnos repetidores, alumnos con reforzo, etc. En cursos pasados a organización de grupos foi

máis complicada polos condicionamentos de espazos e postos escolares. Este ano os problemas derivanse do aumento do alumando, no só nos grupos de BAC e iso provoca que moitas clases estean ao límite da súa capacidade.

**b) Desdobramentos de grupos.**

Configuración de 5 grupos en 1º ESO e 2º ESO.

Dous grupos máis para o PDC coa súa aula correspondente

**c) Optatividade e seccións bilingües.**

A optatividade é unha medida xeral para atender a diversidade dende o currículo. Os alumnos poden elixir as materias que consideren máis axeitadas en función das súas expectativas ou preferencias, asesorados polo titor ou titora xunto co Departamento de Orientación. A optatividade do IES As Lagoas pretende ser, tendo presente os recursos, o máis variada posible. A LOMLOE obriga a ofertar todas as materias optativas, polo que este curso ampliouse a oferta; aínda que non xurdiu grupo en todas, algunhas optativas duplícanse, o que fai máis complicada a organización dos recursos.

As seccións bilingües proporcionan ao alumnado unha ferramenta máis para acadar a excelencia nas linguas estranxeiras.

**d) Solicitude do programa de reforzo PROA +**

Estas medidas de reforzo serán impartidas por profesores alleos ao centro. Ademais neste programa incorpóranse aquelas medidas que incidan na mellora das seguintes competencias clave: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT) e Comunicación lingüística (CCL) das linguas curriculares impartidas no centro, tradicionais no centro.

Esta ano novamente só se nos permite pedir un ámbito, polo que decidimos que fora novamente o ámbito científico-matemático.

**e) Concrecións anuais do Plan de atención á diversidade recollidas no Anexo I.**

### **1.3. PLAN DE CONVIVENCIA E NOF**

O plan de convivencia e o NOF rexen a vida e a organización do centro; ambos documentos están baseados nos principios fundamentais de respecto, compromiso, solidariedade e igualdade. Podemos afirmar que no centro hai un bo ambiente de traballo e débese á colaboración de todos os membros da

comunidade educativa. Fomentaremos e buscaremos que ese clima continúe a ser unha sinal de identidade.

Seguiremos desenvolvendo o programa de titorías entre iguais. Renovaremos o alumnado da ESO que pasarán a formar parte do Equipo de mediación e titoría entre iguais. É unha oportunidade que ten o alumnado que se incorpora ao centro ou que ten problemas de integración para incorporarse plenamente á vida do centro. O programa ofrécese a través das titorías.

Este curso revisaranse e actualizaranse estes documentos.

#### 1.4. STEM BACH

O curso 2019 iniciouse no IES o primeiro ano do STEMBach; cunha duración de dous cursos escolares, os cursos pasados xa saíron tres promocións con moi bos resultados. Incorporáanse cada ano novos alumnos e alumnas en 1º BAC.

O programa é presentado ás familias a principios de curso. O Bacharelato de Excelencia ten como obxectivo promover o interese do alumnado pola investigación e creación científica e tecnolóxica a través dunha metodoloxía práctica e colaborativa que o achegue ao mundo universitario.

O proxecto, elaborado e coordinado por Santiago Díaz Vilela, centrase nas bioconstrucións climáticas e conta coa participación de varios departamentos. Desenvolverase nun marco de colaboración coa Universidade de Vigo e escolas do Campus de Ourense.

Os grupos están formado por 42 alumnos e alumnas de 1º BAC e 10 de 2º BAC dos bacharelatos de Ciencias, Ciencias Sociais, Humanidades e Artes que recibirán dúas sesións de clase nas tardes dos martes e mércores.

#### 1.5. PLAN LECTOR

O centro continúa ca súa tradición de frutífero traballo na **biblioteca**. Na altura en que se presenta a aprobación este Plan Xeral, os órganos do centro xa teñen coñecemento da participación, como en anos pasados, no PLAMBE e na convocatoria de Clubs de Lectura, coa constitución de varios clubs en distintos niveis.

Con certas modificacións no espazo e no mobiliario, a biblioteca inicia o curso coas actividades habituais: hora de ler, fomento da lectura, celebración de datas especiais, formación de usuarios/as da biblioteca, concursos, reto lector....

A coordinadora da biblioteca é María Fernández da Costa.

## **1.6. PLAN LINGÜÍSTICO (Axuste no anexo III)**

Como en cursos anteriores, as escollas tradicionais de grupos por parte do profesorado manifestan un resultado de equilibrio nas linguas vehiculares, galego ou castelá, nas distintas materias, que é unha tendencia consolidada.

Nestes días pasados comprobouse se esta realidade efectivamente se produce e atopouse algún desequilibrio. A dirección fixo novas asignacións para que a equidade entre as linguas se manteña, tanto de forma xeral como dentro de cada modalidade conforme se sinala no anexo do Proxecto Lingüístico.

Os axustes lingüísticos para o curso 2023-2024 atópanse no anexo II de este documento.

## **1.7. PLAN DE IGUALDADE.**

Este curso, en materia de igualdade as propostas son:

- Promover máis actividades tanto desde o centro como desde os departamentos en materia de igualdade orientadas á prevención e eliminación da violencia contra as mulleres e a evitar discriminacións por identidade e orientacións sexual.
- Desenvolver medidas para reforzar a educación sobre as relacións afectivas entre os e as adolescentes, sobre todo no relativo ao uso adecuado das novas tecnoloxías e redes sociais.
- Participación en distintas liñas do CPInclúe

## **1.8. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

O Plan de Autoprotección foi aprobado no curso 12-13, visado polo Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais e rexistrado na plataforma REGAPE nos comezos do ano 14. Desde aquela data executáronse sucesivos exercicios de evacuación anuais. Coa experiencia acumulada, estimouse que era indicado facer polo menos un simulacro no comezo do curso e outro cara o final.

As modificacións anuais do plan derivan, por unha parte, da substitución do persoal responsable da evacuación das plantas como consecuencia das leves variacións nas dedicacións docentes e do persoal en xeral. A maiores, téñense producido axustes sobre outros aspectos puntuais.

## 1.9. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Os distintos programas aos que o centro súmase implican necesidades de formación que favorezan e melloren o noso traballo docente. A dirección promoverá a formación nos aspectos máis febles tendo en conta as suxerencias dos departamentos didácticos.

Este curso a formación irá dirixida a fomentar a innovación e investigación educativa e a competencia comunicativa a través de programas internacionais sen deixar de insistir na formación en ferramentas informáticas e Aula Virtuais de cara a mellorar o desenvolvemento deste recurso.

A petición do Contrato-programa vai asociada á obrigatoriedade de participar nunha liña de Formación Permanente do Profesorado.

O curso 2023-24 o centro participará na creación de tres seminarios: *Innovación a través dos Polos Creativos*, *Erasmus +: xestión e difusión* e *Recursos didácticos e ferramentas de comunicación na Aula Virtual*. Os grupos estarán coordinados por Xurxo Soto Fernández, Laura García Castro e Daniel García Cancio e conta a día de hoxe con máis de 30 participantes. O obxectivo que procuramos é fomentar metodoloxía innovadoras no ámbito da investigación, da dixitalización e da comunicación.

Por outra parte, a visita á aplicación *fprofe* pode dar conta dun abano moi amplo de **actividades de formación** en que están implicados individualmente profesores do Instituto: identidade dixital, cursos de galego para profesorado en prácticas, igualdade, actualización en idiomas, etc.

## 1.10. ERASMUS + Nova acreditación

O curso 21-22 rematou o proxecto ERASMUS +KA229, titulado *Lernen mit Spass- Unterrichten mit modernen Lernmethoden* (Aprender divertíndose- Ensinar con métodos innovadores), de 2 anos, que, como consecuencia da pandemia, ampliouse un ano máis.

Dada a importancia e a traxectoria do centro neste programa europeo o curso pasado presentouse unha solicitude para acreditarnos nun novo proxecto e seguir desenvolvendo novos cursos e mobilidades. A acreditación foi concedida para os anos 2023-2027 e xa se están a desenvolver as primeiras actividades e mobilidades.

Creuse un novo equipo Erasmus + coordinado por Elisa Álvarez Fernández.

## 1.11. Programa CUALE

O departamento de Alemán solicitou novamente o programa CUALE, programa para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado nos niveis B1 e A2

## 1.12. EduExchanges e Dixital Week ( e outras actividades de linguas estranxeiras)

Nesta nova convocatoria do EduExchanges é o departamento de Francés quen solicita unha liña presencial para realizar un intercambio entre o noso alumnado e un centro educativo francés. Participan o alumnado da ESO e 1º BAC; aínda non sabemos se foi concedido e cal será a súa asignación.

Por outra banda, o departamento de inglés solicitou o programa Dixital Week para o alumnado de 2º ESO; un programa de inmersión lingüística e dixitalización para o que estamos na reserva.

Tamén o centro ten a intención de solicitar este curso varias axudas para a **Acreditación Lingüística** do noso alumnado.

O centro conta novamente coa presenza de 2 auxiliares de conversa.

### 1.13. Plan Proxecta

Este ano o centro solicita novamente o Plan Proxecta.

O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

Solicitamos tres liñas:

- *Aliméntate ben* en dúas modalidades:
  - Froita na escola
  - Leite
- *Proxecto Ríos*
- *Proxectos de vida activa e deportiva*

O primeiro proxecto pretende axudar os centros docentes a fomentar a vida activa e saudable abordando a loita contra o sedentarismo, o sobrepeso e a obesidade a través da concienciación dunha alimentación saudable e do incremento da actividade física do alumnado.

O obxectivo do programa é a actuación do centro como dinamizador e promotor de hábitos de vida activa e saudable.

O segundo proxecto pretende formar cidadáns concienciados e participativos, que non só coñezan e comprendan os problemas ambientais aos que nos enfrontamos, se non que se involucren e actúen no coidado do medioambiente e para facelo estudarase a situación ambiental dos nosos cursos fluviais (Miño e Loira).

O terceiro proxecto pretende consistir en deseñar, executar e avaliar un proxecto relacionado cos hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.

Preténdense, polo tanto, que os alumnos e alumnas fagan máis exercicio físico de forma habitual, haxa máis conciencia sobre a importancia de manter unha vida saudable e coñezan todas as opcións que ten o centro e a cidade para mellorar neste aspecto..

As liñas solicitadas polo centro son Xogade, Camiña/en bici á escola, Dafis e Máis e mellor actividade física.

#### **1.14. POLOS CREATIVOS**

A finais do curso 21-22, o centro elaborou varios proxectos para solicitar os Polos Creativos, unidades deseñadas como núcleos dinamizadores no marco da Estratexia Educación Dixital 2030, de maneira que poideran albergar actividades de tipo taller-obradoiros tanto para o profesorado como para o alumnado e, no seu caso, as familias, desde una óptica de aprendizaxe conxunta e comunitaria.

Os nosos proxectos están orientados aos ámbitos científicos, mediomambientais, tecnolóxicos e lingüísticos (obradoiros de bioloxía, tecnoloxía, audiovisuais, etc) e este curso a aula de Polos Creativos verase mellorada co novos recursos.

#### **1.15. PLAN DE SAÚDE E SOSTIBILIDADE**

Froito da concienciación cos problemas da vida real que afectan á comunidade e a noso entorno, o compromiso do centro coa vida saudable e o mediambiente foi crecendo nos últimos anos e o ano pasado este traballo foi reconhecido coa concesión, por parte do MEC, do Selo de Vida Saudable.

Este curso elaborouse un novo plan concebido co obxectivo de regularizar e sistematizar as accións que o centro desenvolve no ámbito da saúde e a sostibilidade.

O plan crease partendo do concepto de educación integral, tanto para a xestión do centro como para a súa organización, sendo a sostibilidade e a saúde os valores vertebradores dun clima escolar positivo e receptivo a estas cuestións.

O obxectivo principal é desenvolver a motivación, os coñecementos, as competencias, as actitudes e os compromisos necesarios para tomar parte activa na resolución de problemas ambientais e sociosanitarios.

Anexo I

PXA. Dto de Orientación

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



CONCRECIÓN ANUAL

Curso 2023/2024

IES AS LAGOAS

## 1. XUSTIFICACIÓN

A diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse no proxecto educativo, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación do alumnado, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

No marco da Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOMLOE, que modifica parcialmente a LOE 2/2006, do 3 de maio, de educación, **enténdese por atención á diversidade** “o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado” (artigo 3). Polo que, ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación á hora de organizar a atención educativa do alumnado.

As medidas e accións que se propoñen baséanse nos principios de normalización e inclusión; a equidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación; a flexibilidade e a accesibilidade; a interculturalidade e a promoción da convivencia; a autonomía dos centros docentes e a participación de toda a comunidade educativa.

O presente documento é unha concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade e forma parte da Programación Xeral Anual. Nel inclúense as actuacións eos niveis nos que está previsto implementalas no curso 2023/2024. Calquera modificación será recollida na memoria que se elaborará ao final do curso.

## **DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS:**

### **OBXECTIVOS XERAIS:**

1. Organizar os recursos humanos e materiais do Centro co fin de dar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, e en especial a aquel que presenta necesidade de apoio educativo.
2. Procurar que todo o alumnado adquira as competencias básicas no maior grao que lle sexa posible.
3. Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno ou alumna.
4. Aplicar medidas xerais e específicas que permitan detectar e tratar as dificultades de aprendizaxe tan pronto como se produzan.
5. Evitar, na medida do posible, o abandono, o fracaso e a inadaptación escolar.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

1. Atender e dar resposta á heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, desde o currículo ordinario e a través de medidas ordinarias.
2. Establecer medidas de atención adecuada para o alumnado con necesidade de apoio educativo recurrido ás medidas extraordinarias cando sexa preciso.
3. Establecer canles de colaboración entre o profesorado que interven co alumnado con necesidade de apoio educativo.
4. Dar ao alumnado con necesidade de apoio educativo, unha resposta axeitada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social.

5. Acadar un modelo educativo constructivo, tendo en conta o que o alumnado é capaz de facer e non o que descoñece, para progresar nas súas aprendizaxes.
6. Promover a implicación das nais, pais ou titores legais do alumnado no proceso educativo.
7. Axudar ao alumnado a tomar conciencia de que ten que ser responsable da súa aprendizaxe.
8. Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.

## 2. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS QUE SE DESENVOLVERÁN NO CURSO

2023/2024

### a. Medidas ordinarias:

MEDIDAS ORDINARIAS	CARACTERÍSTICAS	CURSOS
<b>Estructura organizativa do centro</b>	Adecuación de horarios, agrupamentos, espazos, recursos personais e materiais e da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Todos os cursos
<b>Programacións didácticas</b>	Adecuación das programacións didácticas ao noso alumnado e contorno.	Todos os cursos

<b>Metodoloxías</b>	Activa, participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo. Adecuación das metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titorías entre iguais, enfoque multidisciplinar, aprendizaxe por proxectos...	Todos os cursos
<b>Avaliación</b>	Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.	Todos os cursos
<b>Reforzo educativo</b>	Medida que afecta aos elementos non prescritivos do curriculum, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos do alumnado e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.	Todos os cursos

<b>Exención de cursar a materia de segunda lingua estranxeira</b>	Medida destinada ao alumnado que, tendo un desfase curricular, precise apoios complementarios. Debe presentar claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua.	1º ESO, 2º ESO
---	---	----------------

<p><b>Aula de atención educativa e convivencia</b></p>	<p>O centro dispón dun aula de convivencia onde derivar ao alumnado disruptivo que funciona tamén coma aula de convivencia inclusiva segundo a normativa de convivencia ( Decreto 8/2015)</p>	<p>Todos os cursos</p>
<p><b>Programas de enriquecemento curricular</b></p>	<p>Os programas de enriquecemento curricular son programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquiredanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifieste o devandito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.</p>	<p>Alumnado con altas capacidades</p>
<p><b>Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar</b></p>	<p>O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.</p>	<p>Todos os cursos</p>

<p><b>Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permanece un ano máis no mesmo curso</b></p>	<p>Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.</p>	<p>Todos os cursos</p>
<p><b>Programas de habilidades e competencias sociais</b></p>	<p>O centro desenvolve estes programas para a totalidade do alumnado, especialmente para o alumnado derivado á aula de convivencia</p>	<p>Todos os cursos</p>

**b. Medidas extraordinarias:**

<p><b>MEDIDAS EXTRAORDINARIAS</b></p>	<p><b>CARACTERÍSTICAS</b></p>	<p><b>CURSOS</b></p>
---------------------------------------	-------------------------------	----------------------

<b>Adaptacións curriculares(ACS)</b>	<p>As adaptacións curriculares significativas son modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por una determinada dificultade</p> <p>persoal como polas súas capacidades excepcionais.</p>	<p>1º ESO, 2º ESO e 3º ESO</p>
--------------------------------------	---	--------------------------------

<b>Agrupamentos flexibles</b>	<p>Consiste en facer desdobramentos transitorios en determinadas áreas cos alumnos e alumnas que presentan dificultades xeneralizadas de aprendizaxe.</p>	<p>1º ESO e 2º ESO</p>
<b>Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe</b>	<p>Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares . Tamén se farán naqueles outros casos que se considere imprescindible facelo fóra da aula.</p>	<p>1º ESO 2º ESO 3º ESO</p>



<b>Programa Diversificación Curricular</b>	Destinado a alumnos con dificultades de aprendizaxe que tivera recibido outras medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos e que ten expectativas de obter o título de ESO con esta medida.	3º ESO e 4º ESO
<b>Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente</b>	Atención domiciliaria  Atención hospitalaria  Atención virtual	Todos os cursos

#### **4.- OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**

##### **a. Protocolos educativos relativos á atención á diversidade:**

No presente curso escolar aplicaranse os protocolos que sexan precisos, e máis concretamente:

\* Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe

- \* Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais
  
- \* Protocolo para a atención educativo do alumnado con Síndrome de Down e discapacidade intelectual
  
- \* Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva
  
- \* Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)
  
- \* Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia
  
- \* Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario
  
- \* Protocolo e Urxencias Sanitarias e enfermidade crónica
  
- \* Protocolo de Atención educativa domiciliaria
  
- \* Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a identidade de xénero
  
- \* Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil
  
- \* Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo
  
- \* Protocolo de Protección de datos

**b. Persoal coidador:**

Dispomos dunha coidadora neste IES. Anualmente no mes de Maio previo revísase a súa continuidade. Precisando informe do departamento de orientación para a súa cotinuidade.

O horario deste profesional é organizado polo equipo directivo.

### c. CONTRATOS-PROGRAMA

O centro solicitou os seguintes programas:

- **CPInclúeT**
  
- **IGUÁLA-T.**
  - Desenvolveranse accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes.
  
- **CONVIVE-T.**
  - Desenvolveranse medidas que favorezan o clima escolar e as relacións entre os membros da comunidade educativa, actuacións preventivas de condutas.
  
- **INCLÚE-T**
  - Desenvolveranse medidas que fomenten e melloren a inclusión no centro dirixidas: á atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomen-

to de recreos igualitarios e inclusivos, ao desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo e outras medidas semellantes vencelladas á diversidade que pon de manifesto a pluralidade do alumnado.

- **EMOCIÓNA-T**

- Desenvolveranse accións para a mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade educativa que redunde no benestar emocional persoal-social e na súa calidade de vida, así como para o desenvolvemento de estratexias que favorezan o aumento da autoestima e a empatía, a mellora das habilidades comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias.
- A través do Plan de Convivencia e do Plan de Acción Titorial ofrecerase ao alumnado unha serie de actividades e habilidades sociais, cognitivas e emocionais que poidan usar para mellorar a calidade do ensino que reciben.

- **CPIInnova**

- **EDUInnova**

- Actuacións encamiñadas ao coñecemento e aplicación de ferramentas para que o alumnado enfrente os desafíos do mundo actual, non no sentido de saberes estancos, senón como competencias que posibilitan o desenvolvemento de novas capacidades e estratexias que apuntan á mellora continua.
    - Incorporación de coñecementos, capacidades, competencias e actitudes que lles permitan acadar o pleno desenvolvemento persoal e social e continuar aprendendo ao longo de toda a vida.

- **EDUexcelencia**
  - Con esta actuación trátase de dar resposta ao alumnado con maior motivación para aprender. Supón unha medida de atención á diversidade na que se desenvolverán iniciativas de afondamento nos coñecementos do alumnado.
  - Estas medidas traduciranse na planificación de diferentes obradoiros nos que ao longo do curso se traballará de forma cooperativa. Pódense canalizar a través desta vía as semanas culturais ou científicas, a participación en programas educativos externos ao centro e, en xeral, o traballo por proxectos.
- **EDUsaúde**
  - Conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas ou de actividades deseñadas para o incremento da actividade física efectiva do alumnado. Con esta modalidade preténdese incrementar o cómputo total de actividade física efectiva por parte do alumnado ao longo do día, tanto dentro como fóra do horario lectivo.
- **EDUostibilidade**, centro comprometido cos ODS
  - Programa novo que pretende, a través dunha serie de actividades e proxectos, incentivar e motivar ao noso alumnado para desenvolver os seus espíritos críticos, comprometidos e emprendedores, contribuíndo a incrementar a conciencia mediambiental e adoptar pequenas medidas ambientais no centro para aportar o noso gran de area no percorrido cara a sostiabilidade.
- **EDUcalidade**
  - Conxunto de medidas ou actividades para mellorar a xestión dos centros docentes baseadas na avaliación dos procedementos que se desenvolven neles e en programas de mellora.

## \* Contratos-programa Recupéra-T

Esta convocatoria porá en marcha medidas de reforzo docente a través de:

**Programa PROA+** : Programa para a Orientación, Avance e Enriquecemento Educativo 2021-2024 cofinanciado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia.

### **Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL)**

A nosa UACO de referencia está no IES Blanco Amor de Ourense.

## **5. -MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS:**

A coordinación para levar a cabo o plan levarase a cabo en:

- 1) A reunión do Departamento de Orientación que permitirá facer os axustes necesarios ao longo do curso.
- 2) As reunións do Departamento de Orientación co profesorado-titor coordinadas pola xefatura de estudos
- 3) Nas reunións da CCP onde asiste a xefa do departamento de orientación e a PT
- 4) A asistencia ás reunións de avaliación por parte do profesorado especialista PT e AL e dos orientadores
- 5) Con respecto aos Centros adscrito, reunión trimestral co Departamento de Orientación do Centro e co profesorado de apoio.

## **6. -CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES OU TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO:**

### **\* Con respecto ás familias do alumnado:**

Reunións informativas xerais de principio de curso. Para todas as familias de ESO de xeito xeral. De xeito particular cada titor/a coas familias do seu alumnado. Ademais das reunións na hora de titoría de pais, solicitadas tanto polo profesorado coma polas familias, estableceuse como norma xeral a información trimestral que se aporta a cada pai/nai ao final de cada avaliación. Esta información persoal sobre cada alumno/a, dase no momento de entrega de notas.

A axenda escolar como medio de comunicación directo entre o profesorado e as familias.

Apartado de educación compartida na páxina web do centro onde se subirán informacións importantes e consellos para as familias dende o departamento de orientación.

A aula virtual do centro tamén será un mecanismo importante de coordinación e comunicación cos alumnos e profesores.

### **\* Cos servizos externos ao Centro:**

Servizos Sociais, Gabinetes Psicopedagóxicos externos ao Centro, Centro de Saúde, USM, Cruz Vermella,... manterase contacto telefónico e presencial. Visitas programadas con reunións coa Orientadora para facer un seguimento da evolución persoal, social e académica de aquel alumnado que estea recibindo medidas de atención á diversidade tanto ordinarias como extraordinarias.

**\* Co Equipo de orientación específico ( EOE):**

Solicitarase a súa intervención e asesoramento cando sexa preciso a través do procedemento establecido pola consellería para tal efecto.

**7.- PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRA-ORDINARIAS E AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA:**

Unha vez agotadas as medidas ordinarias aplicaranse as medidas extraordinarias. Serán aplicadas a partir da decisión conxunta do titor/a do alumno/a e do profesorado das materias, coa colaboración do profesorado especialista en PT e AL e o asesoramento do Departamento de Orientación. Seguiranse para cada medida os procedementos recollidos na normativa de atención á diversidade.

**En canto á avaliación psicopedagóxica:**

**Proceso de demanda:**

1. Con carácter xeral, corresponde ao profesorado titor/a de acordo co presente protocolo de demanda, realizar a solicitude de avaliación psicopedagóxica á xefatura do departamento de orientación empregando o documento de solicitude. Polo tanto calquera solicitude por parte dun profesor non titor/a debe ser canalizada a través do titor/a do grupo.

2. Nos casos de alumnado en proceso de admisión nun centro docente que requira unha avaliación psicopedagóxica, será a dirección do dito centro quen a demande á xefa ou ao xefe do departamen-



to de orientación e, no caso de alumnado matriculado noutro centro, solicitarase a información necesaria á xefatura de departamento de orientación do centro de procedencia.

3. En determinadas circunstancias, a solicitude ou demanda de avaliación psicopedagóxica dunha alumna ou dun alumno poderá proceder da Administración educativa, da propia xefatura do departamento de orientación ou das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado. Esas circunstancias deberán acreditarse no protocolo de demanda e no informe psicopedagóxico correspondente.

4. As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado deberán ser informadas da realización da avaliación psicopedagóxica, así como da súa finalidade, dos resultados e das posibles orientacións ou propostas de actuación. Destas informacións quedará constancia escrita. O titor/a informará ós pais/nais da necesidade da avaliación e deixará constancia escrita no documento de demanda da información ós pais/nais/ titores legais da necesidade de solicitar unha avaliación psicopedagóxica ó departamento de orientación. Posteriormente o departamento de orientación será o encargado de informar á familia dos resultados de dita avaliación e das medidas a por en marcha.

#### **Recepción da demanda por parte do departamento de orientación:**

1. Unha vez recibida a demanda, o departamento de orientación, se o considera procedente realizará unha avaliación psicopedagóxica do alumno /a. Dita avaliación pode implicar que o alumna salga fóra da aula en determinados periodos lectivos que poden ser máis ou menos en función das necesidades do alumno, en todo caso intentará consensuarse co titor ós periodos lectivos que menos afecten ó rendemento académico do alumno. En ditos periodos a ausencia do alumno á clase estará xustificada e , en ningún caso, esta situación pode repercutirle negativamente ó alumno nas súas calificacións.

2. A responsabilidade de realizar a avaliación psicopedagóxica recae no orientador /a, aínda que nela poder participar, se así se require polo orientador aqueles axentes educativos que se consideren axeitados.

3. Corresponde ao equipo docente, coordinado polo profesorado titor, achegar á xefatura do departamento de orientación información sobre a competencia adquirida respecto do currículo de referencia, a colaboración da familia, a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, a actitude ante as propostas de aprendizaxe, o compromiso coas tarefas encomendadas e as medidas de atención á diversidade adoptadas.

4. A xefatura do departamento de orientación informará o profesorado titor, a alumna ou o alumno, e a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais dos resultados e das conclusións da avaliación psicopedagóxica realizada, así como da proposta educativa que derive desta.

5. No caso de que as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado demanden copia do informe psicopedagóxico, deberán solicitalo por escrito ó departamento de orientación e este facilitaralles copia do informe solicitado. Deixarase constancia escrita da recepción por parte da persoa solicitante no departamento de orientación.

*\* ADXÚNTASE COMA ANEXO O MODELO DE DEMANDA DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA*

## **8.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN:**

O seguimento da concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade realizarase

trimestralmente, por parte do departamento de orientación.

Os informes de seguimento daranse a coñecer ao claustro do profesorado e entregaranse á dirección do centro docente para a súa incorporación ao seguimento que se realice da programación xeral anual.

A avaliación da concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade realizarase á

finalización de cada curso escolar, por parte do departamento de orientación do centro docente. O informe desa avaliación ( memoria) darase a coñecer ao claustro do profesorado e entregaranse á dirección do centro docente para a súa incorporación á memoria anual do centro.

Para realizar dita avaliación empregaranse instrumentos e procedementos como:

\* Observación

\* Entrevistas

\* Análise de documentos

\* Enquisas de satisfacción

Supervisión do Plan xeral de atención á diversidade e da súa concreción anual:

A supervisión dos procesos de elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan xeral de atención á diversidade e da súa concreción anual corresponde aos Servizos Territoriais de

Inspección Educativa. Igualmente, corresponde a eses servizos o asesoramento que necesiten os centros docentes para eses procesos.

## ANEXO 1

### DOCUMENTO DE SOLICITUDE DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

- NOME DO ALUMNO/A:
  - CURSO/NIVEL:
  - NOME E CARGO DA PERSOA QUE SOLICITA A AVALIACIÓN:
  - MOTIVO POLO QUE SOLICITA A AVALIACIÓN ( Se deben indicar as dificultades/necesidades encontradas no alumno/a co maior detalle posible):
- 
- INTERVENCIÓNS REALIZADAS ATA O MOMENTO:
- 
- OS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS ESTÁN INFORMADOS DA NECESIDADE DA AVALIACIÓN:  
  
SI NO
- 
- DATA E SINATURA DO SOLICITANTE:

### Actividades puntuais:

Os distintos departamentos didácticos, dedicarán especial atención ao redor das datas sinaladas, ás celebracións que aparecen nomeadas na convocatoria do Calendario Escolar oficial 2022-2023:

- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia
- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das persoas con discapacidade.
- 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 17 e o 21 de abril de 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o acoso escolar.
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.

### ANEXO III:

#### PLAN LINGÜÍSTICO : Axustes para procurar o equilibrio entre as linguas vehiculares

En relación co curso anterior o equilibrio obriga a algúns axustes na asignación da lingua vehicular dalgunha materia nalgúns grupos. Así, feita a nova asignación, cos grupos formados este ano, os datos de conxunto son:

- Horas en galego en ESO: 233
- Horas en castelán en ESO: 236
- Noutras linguas, incluíndo as seccións bilingües: 105

ESO – 1º (CINCO GRUPOS)	Lingua en que debe ser impartida a materia (horas semanais en total)		
	Galego	Castelán	Outras
2ª L. estranxeira – Alemán (2)			6
2ª L. estranxeira – Francés (2)			6
2ª L. estranxeira – Portugués (2)			2
L. castelá e literatura (3+1)		20	
1ª L. estranxeira – Inglés (3+1)			20
L. galega e literatura (3)	15		
Biología e xeoloxía (3)	15		
Xeografía e historia (3)	15		
Matemáticas (4)		20	
Tecno. e Dixitalización (3)	15		
Educación física (2)		10	
E. plástica, v. e audiovisual (2)		10	
Relixión católica	4		
Proxecto Competencial (1)		2	
<b>TOTAL</b>	<b>64</b>	<b>62</b>	<b>34</b>

ESO – 2º (CINCO GRUPOS)	Lingua en que debe ser impartida a materia (horas semanais en total)		
	Galego	Castelán	Outras
2ª Lingua estranxeira - Alemán			6
2ª Lingua estranxeira - Francés			9
Lingua castelá e literatura		15	
Lingua estranxeira – Inglés (3+1)			20
Lingua galega e literatura (3+1)	20		
Física e química		15	
Xeografía e historia	15		
Matemáticas		20	
Tecnoloxía e dixitalización			
Educación física	10		
Música/Mus. Biling. (2)		4	6
Relixión católica	4		
Proxecto competencial	2		
TOTAL			34

ESO – 3º (CATRO GRUPOS +PDC)	Lingua en que debe ser impartida a materia (horas semanais en total)		
	Galego	Castelán	Outras
2ª L. estranxeira – Alemán (3)			3
2ª L. estranxeira – Francés (3)			3
Lingua castelá e literatura (3)		15	
Lingua estranxeira – Inglés (3)			15
Lingua galega e literatura	15		
Bioloxía e xeoloxía	10		
Xeografía e historia	15		
Física e química		10	
Matemáticas		20	
Educación física (2)	8		
Ed. plástica, v. e audiovisual (2)		8	
Ed. valores cívicos e éticos (1)	4		1
Educación Dixital (3)		6	
Música (2)	4	4	4
Cultura clásica (3)	3		
Relixión católica (1)	4		
Proxecto Competencial (3)		2	
TOTAL	63	65	23

ESO – 4º (CUATRO GRUPOS +PDC)	Lingua en que debe ser impartida a materia (horas semanais en total)		
	Galego	Castelán	Outras
2ª Lingua estranxeira - Alemán			3
2ª Lingua estranxeira - Francés			3
Lingua castelá e literatura		15	
Lingua estranxeira - Inglés			12
Lingua galega e literatura	15		
Bioloxía e xeoloxía	12		
Xeografía e historia	15		
Física e química		12	
Matemáticas		20	
Economía e emprendemento		3	
Expresión artística		3	
Filosofía	3		
Música		6	3
Latín	3		
Educación Dixital		9	
Tecnoloxía	6		
Educación física	8		
Relixión católica	4		
Proxecto competencial	2		
<b>Total</b>	<b>68</b>	<b>68</b>	<b>18</b>



No que toca ao **bacharelato**, expónse a concreción do mandato do Plan Lingüístico nos termos en que se vén facendo estes últimos anos: partir da disposición inicial do profesorado a se expresar nunha ou noutra lingua e procurar que haxa un equilibrio xeral de lingua galega e castelá en cada unha das modalidades, sen prexuízo dalgunha indicación de cambio de lingua vehicular a algún profesor ou profesora en relación coa opción particular que tiña tomado inicialmente.

Os datos de conxunto no BAC son:

- Horas en galego:174
- Horas en castelán: 176

O curso 2022-2023 a distribución das linguas oficiais queda como segue:

1º Bacharelato. Materias comúns			
Materias	Grupos/horas	Galego	Castelán
L. Galega e Lit.	(6x3)	18	
L. Castelá e Lit.	(6x3)		18
Filosofía	(6x3)	18	
Ed. Física	(6x3)	18	
<b>TOTAL</b>		<b>54</b>	<b>18</b>

1º de Bacharelato de CIENCIAS				
	Materias	Grupos horas /	Galego	Castelán
Optativas de opción	Matemáticas	2x4		8
	Física e química	2x4		8
	Biología e xeol.	2x4	8	
	Debuxo técnico	1x4		4
	Tecnoloxía e enxeñería	1x4	4	
<b>Total</b>			<b>8</b>	<b>20</b>
Optativas	Anatomía aplicada	1x4	4	
	Antroploxía	1x4	4	
	Cu. Científica			
	2ª L. Estranxeira Alemán	1x4		
	2ª L. Estranxeira Francés	1x4		
	TICs	1x4		4
	Relixión/Dispos. centro	1x2		
<b>Total</b>			<b>20</b>	<b>26</b>

1º de Bacharelato de HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS				
	Materias	Grupos horas /	Galego	Castelán
Optativas de opción	Matemáticas CCSS	2x4		8
	Latín	1x4	4	
	Economía	3x4		12
	Grego	1x4	4	
	Hª Mundo Contemp.	2x4	8	
	Lit. Universal	1x4		
<b>Total</b>			<b>16</b>	<b>20</b>
Optativas	Antroploxía	1x4	4	
	Cu. Científica			
	2ª L. Estranxeira Alemán	1x4		
	2ª L. Estranxeira Francés	1x4		
	TICs	1x4		4
	Relixión/Dispos. centro	1x2	2	
<b>Total</b>			<b>22</b>	<b>24</b>
1º de Bacharelato de ARTES				
	Materias	Grupos horas /	Galego	Castelán
Materias da modalidade	Análise Musical	1x4	4	
	Artes Escénicas	1x4		4
	Coro e técnica vogal	1x4	4	
	LP Musical	1x4		4
	Cultura Audiovisual	1x4		4
<b>Total</b>			<b>8</b>	<b>12</b>
Optativas	Antroploxía	1x4	4	
	Cu. Científica			
	2ª L. Estranxeira Alemán	1x4		
	2ª L. Estranxeira Francés	1x4		
	TICs	1x4		4
	Relixión/Dispos. centro	1x1	1	
<b>Total</b>			<b>13</b>	<b>16</b>

2º Bacharelato. Materias comúns			
Materias	Grupos/horas	Galego	Castelán
L. Galega e Lit.	(6x3)	18	
L. Castelá e Lit.	(6x3)		18
Hª da Filosofía	(6x3)	18	
Hª de España	(6x3)	18	
<b>TOTAL</b>		<b>54</b>	<b>18</b>

2º de Bacharelato de CIENCIAS				
	Materias	Grupos horas /	Galego	Castelán
Materias da modalidade.	Matemáticas	2x4		8
	Física	2x4		8
	Biología	2x4	4	4
	Química	2x4	8	
	Debuxo técnico	1x4		4
	Tecnoloxía Ind.	1x4	4	
	Psicoloxía	1x4	4	
<b>Total</b>			<b>20</b>	<b>24</b>
Optativas	TICS	1x3		3
	Relixión	2x1		2
	Técs. de Traballo e E.	1x1	1	
<b>TOTAL</b>		<b>56</b>	<b>27</b>	<b>29</b>

2º de Bacharelato de HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS				
	Materias	Grupos horas /	Galego	Castelán
Optativas de opción.	Mat. CC. SS	2x4		8
	Latín	3x4		12
	Economía e deseño	1x4		4
	Grego	1x4		4
	Xeografía	3x4	12	
	Historia da Arte	2x4	8	

Total			<b>28</b>	<b>28</b>
Optativas	TICs	1x3		3
	Psicoloxía	1x3		3
	Relixión	2x1		2
	Dsposición de centro	1x1	<b>1</b>	
TOTAL			<b>38</b>	<b>36</b>

2º de Bacharelato de ARTES				
	Materias	Grupos horas /	Galego	Castelán
Optativas de opción.	Análise Musical	1x4		4
	Artes Escénicas	1x4	4	
	Coro e técnica vogal			
	Hª da Música e a D.	1x4		4
	Lit. dramática	1x3		3
Total			<b>8</b>	<b>11</b>
Optativas	TICs	1x3		3
	Psicoloxía			
	Relixión	1x1		1
	Técs. de Traballo e E.	1x1	<b>1</b>	
Total modalidade		<b>27</b>	<b>12</b>	<b>15</b>